



www.oqueleo.com

© 2018, María Reimóndez

© 2018, Alicia Varela

© Desta edición:

2019, Santillana Infantil y Juvenil, S. L.

e Edicións Obradoiro, S. L.

Entrecercas, 2 - 15705 Santiago de Compostela

Teléfono: 981 55 27 40

ISBN: 978-84-16834-19-8

Depósito legal: M-26.647-2018

Printed in Spain - Impreso en España

Segunda edición: marzo de 2019

Dirección da colección:

Ana María Guerra e Maite Malagón

Editora executiva:

Yolanda Caja

Dirección de arte:

Xosé Crespo e Rosa Marín

Proxecto gráfico:

Xoán L. Bendaña, Marisol del Burgo, Rubén Chumillas, Julia Ortega
e Álvaro Recuenco

Calquera forma de reprodución, distribución,
comunicación pública ou transformación desta obra
só pode ser feita coa autorización dos seus titulares,
agás as excepcións que establece a lei. Contacte con CEDRO
(Centro Español de Dereitos Reprográficos, www.cedro.org)
se necesita fotocopiar ou escanear algún fragmento desta obra.

O xeito das froitas

María Reimóndez

Ilustracións de Alicia Varela

oqueleg

Castaña

Ela sempre quixera chamarse «Castaña». Gustáballe ese nome e repetíao unha e outra vez cando se aburría. Contaba castañas para durmir e, por suposto, agardaba con impaciencia a época máis marabillosa do ano: a das castañas. A súa avoa tiña na aldea dous castiñeiros ben grandes pero na cidade rara vez era quen de atopar un, moito menos de atopar castañas estradas polo chan. Un día comentárallo ao seu pai. O de que quería chamarse Castaña. Ao primeiro el, que tiña a cabeza metida no forno, preguntáralle:

—Que viches unha araña? —E entón sacou a cabeza do forno e tamén os brazos,

pois andaba dándolle á graxa encarecidamente.

—Que me quero chamar Castaña.

—Castaña?

8 —Si. Castaña. Das que caen dos castiñeiros —mira que ter que darlle tanta explicación. Estaba clarísimo a que se refería.

—A-ha —dixo o seu pai, serio. Ela a estas alturas xa sabía que o «a-ha» non significaba nada, así que insistiu.

—Castaña. Quérome chamar Castaña.

—E logo? —preguntou o seu pai.

—Gústame —non se lle ocorría nada mellor naquel momento, a verdade é que non agardaba tal pregunta.

—Iso está ben.... —O seu pai comezou a sacar as luvas. Oh, non, conversa demorada! Co sinxelo que era o que lle pedía! Quería chamarse Castaña, raio!

—Daquela, a partir de hoxe xa me chama todo o mundo Castaña? —tentou cortar a que se aveciñaba.

—Mira, Iris...

—Castaña!

—... Castaña, non é tan sinxelo...

—E logo?

9

—Porque os nomes... os nomes... Primeiro, as persoas non poden chamarse de calquera maneira.

—Por que non?

O pai sentou por fin nunha cadeira da coziña.

—Porque hai unha serie de palabras que se usan para denominar persoas e outras que non.

—Pero o can de Andrea chámase Bruno e na clase hai un rapaz que se chama Bruno. Un can non é unha persoa pero teñen o mesmo nome.

—Gana de marear que ten a xente, poñerlle a un can un nome de persoa... —rosmou seu pai.

—Quero chamarme Castaña —teimou ela.

10 —Mira, nena, é que Castaña non é nin nome de can.

Iris sentiuse insultadísima.

—Vaia, ho! É un nome dun froito, iso xa o sei. Pero eu quero chamarme Castaña. Porque as castañas son gordechas e... ben, castañas, e ricas! E ademais teñen un ourizo por fóra e o outro día dixéchesme que as persoas hainas que teñen espiñas e... —agora ía a fume de carozo.

—Entendo os teus argumentos —contestou o seu pai—, mais non pode ser. Porque ti xa tes un nome.

—Tamén tiña uns calcetíns a semana pasada e houbo que cambialos.

—Non é o mesmo. Os nomes téñense para que os demais nos recoñezan, para poder inscribirte no colexio, para todo.

Iris ficou un intre contrariada. Así que o seu nome xa estaba por todas as partes, como con vida propia, impedíndolle facer o que lle daba a gana. Non podía ser. Notaba a carraxe a subirlle polas fazulas. Alguén tiña que ter a culpa de tal desfeita. Os seus ollos caeron na vítima ideal.

11

—E a quen se lle ocorre poñerme un nome co que agora teño que apandar sempre?

—Pois... o teu nome elixímolo túa mai e mais eu...

A-ha! Velaí os culpables.

—E como se vos ocorreu poñerme o nome, o meu nome!, sen preguntarme?

—Pero... Iris...

—Agora teño que apandar con el toda a vida e eu quería-me chamar Castaña!

—Pero... nena...

Iris (Castaña) deu a volta e saíu cos brazos cruzados enriba do peito e foise meter na despensa, onde todo o mundo tiña orde estricta de non molestala ata que lle pasase o malhumor. Polo corredor oía ao seu pai:

12 —Pero se tes un nome de flor..., non che vale?

Abriu a porta da despensa.

—Pero que querías que fixésemos? Agardar ata que tomases unha decisión?

Meteuse dentro da despensa.

—E entrementres como che iamos chamar, «cousa», «nena», «iso»?

Pechou a porta da despensa.

«Castaña», pensou, «o que me tiñades que chamar é Castaña». E tomou a firme decisión de só responder a ese nome e cambialo cando fose maior. Agora verían!

Arroz e ovos con chourizo

Non podía negar que ao cabo de catro días esquecera o asunto da Castaña, polo menos a súa defensa tan vehemente, e seguiu chamándose Iris, nome que non lle desgustaba en absoluto. Era só que Castaña estaba moito mellor. 13

Castaña (Iris) sempre tivera un aquel predilecto pola comida. Polos alimentos. Por... ben, era difícil de explicar. A ela gustáballe comer e, a diferenza doutras criaturas da súa idade que decote poñían cara de noxo e montaban tremendas rabechas por ter que tragar unhas verduriñas, Iris era o que se pode dicir «de bo dente». Isto levaba a que estive-

se ben mantida, no sentido máis amplo da expresión. Tampouco comía por comer, nada máis cando tiña fame, o cal adoitaba pasar unhas cinco veces ao día, de non haber novidade. Esta foi unha lección que aprendeu o que se di polas malas. Resumindo, que se non come máis non é por carencia de capacidade, senón por temor ás consecuencias. A Iris gústalle moito o arroz. Pero tamén lle gustan moito os ovos fritos con chourizo. Así que un día, á hora de cear, non tiña moi claro se prefería un prato de arroz á cubana que ao seu pai lle saíra moi ben ao mediodía ou uns ovos fritos con chourizo que estaba facendo a súa mai para cear. Así que decidiu que a mellor opción era ser ecuánime e comer un pouco de todo. Ben, «un pouco» no caso de Iris acabou sendo un prato ata arriba de arroz, dous ovos e, cando ninguén miraba, ovo e medio do prato do seu irmán,

que como cada día se negaba a rematar a cea e, como dicía el, «moito menos se son cousas graxas». Ao remate de tal enchente non senti o máis mínimo remordemento e moito menos lle cabía no bandullo un alfinete de punta.

Marchou para a cama moi feliz de si, pero, unha vez arroupada, non era quen de pegar ollo. O seu bandullo semellaba un terremoto, remexíase e facía ruídos. Así que ao final acabou por erguerse e ir ata a cociña, onde a súa mai e o seu pai estaban tomando un té.

Xusto cando acababa de comunicar con cara certamente acorde ao anuncio que lle doía o estómago, chamaron á porta. Era a veciña de arriba, que viña deixar non sei que.

A Iris non lle deu moito tempo a atender o que quería porque en canto lle dixo «Ola Iris» foi coma se tomase unha lavativa e bo-



tou toda a cea polo corredor adiante. A venciña, a mai e o pai miraron para ela cunha mestura de abraio, de xa cho dicía eu e de a ver quen limpa agora todo isto.

A partir dese día decidiu deixar sempre un chisquiño de espazo no bandullo, non fose ser que logo a comida tivese que saír ás présas. Ou polo menos era necesario como medida preventiva ante o arroz e os ovos con chourizo.